

**ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DIA 25 DE ABRIL DO 2006.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vintecinco de abril de dous mil seis; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Dona Manuela Iglesias Collarte, Dona Luisa del Carmen Escudero Centrón e Don José Ignacio Gómez Pérez.-

Está presente o Secretario-Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 17 de Abril do dous mil seis (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.

Vista a solicitude de **Don Gonzalo Formoso Fernández**, con domicilio en Ventosela nº 60, no que solicita licenzia de obras para rehabilitación, reforma e ampliación de vivenda unifamiliar sita en Ventosela nº 60, de acordo co proxecto técnico redactado polo arquitecto José Manuel Iglesias Araujo.

Visto o informe do Sr. Aparellador Municipal, de data 21.04.06, e que literalmente di:

1. “Documentación aportada ao expediente administrativo o 20 de marzo de 2006, RE Nº 1309.
 - a. Escrito do Arquitecto Superior, D. José M. Iglesias Araújo, onde xustifica o seu proxecto (Memoria Urbanística) sen dispoñer de Visado colexial.
Plano A0 Situación / Emprazamento.
Plano A0 Estado Actual / Reformado.
Plano A3 Alzado.
Plano A3b Alzado.
Estes planos dispoñen de visado colexial de data 15 de marzo de 2006.
 - b. O aportado, non se corresponde co solicitado e que ten por obxecto poñer de manifesto en forma precisa que as xustificacións da Lei (LOUGA), son cumpridas e están contempladas en proxecto e establecen como posible o proxecto, e consecuentemente, é merecedor de licenzia por ser conforme coa regra.

2. Según se desprende do plano da parcela, esta ten unha superficie inferior aos 300 m², extremo este que non se fai constar. Art. 29-a).
3. A parcela non se representa na forma solicitada, e en calquera caso non representa as cotas de alturas en relación coa vía pública, propiedades colindantes, cabidas etc, determinacións fundamentais, para establecer as posibilidades de ampliación ao corresponder a unha edificación en situación de Fora de Ordenación.
4. A edificación á vista da parcela que se representa en planta, pero que non é na forma precisa e necesaria, según foi requirido, atópase en situación de fora de ordenación.
 - a. Parcela de superficie inferior a 300,00m².
 - b. A edificación actual non garda o retranqueo posterior en toda a súa lonxitude respecto á propiedade colindante. (Art. 29-f).
 - c. Non se xustifican as alturas. (Punto 3 do presente informe).
5. Por o que se debe establecer que a edificación actual atópase en situación de fora de ordenación según o Art. 103-3. da LOUGA.
6. Por as propias definicións do proxecto, este corresponde a unha obra de nova construción e incumpre as prescricións básicas que sinala o Art. 29 da LOUGA.
7. Realízase un virtual recheo de terras na parte posterior da parcela acción que se tipifica no Art. 28-d).
8. Por o exposto informo negativamente o proxecto presentado”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda denegar o solicitado pola interesada en base ao informes técnicos obrantes no expediente.”

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

INFORME DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.-

“Examinado o expediente promovido por **don Argimiro Levoso Touceda**, en calidade de Xerente da Cooperativa Vitivinícola do Ribeiro, con domicilio en Val de Pereiral, solicitando licenza municipal para ampliación da Cooperativa Pazo Ribeiro e modificacións puntuais da fachada nun inmobile sito en Val de Pereira, deste termo municipal, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas,

aprobado polo Decreto 2.414/1961 do 30 de Novembro.- RESULTANDO: que se cumpriron tódolos trámites de información pública así coma notificacións persoais aos veciños inmediatos incorporando os informes da Delegación Provincial de Sanidade e do técnico municipal.- CONSIDERANDO: que o proxecto técnico en canto a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantir a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadá e a súa adecuación ao medio ambiente, suxeitarase ao informe que emita a Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente.- CONSIDERANDO: que o emprazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado a zona, constando autorización da Dirección xeral de Urbanismo (Expte. 120/2003).- Visto o Decreto nº 2.414/1961 do 30 de Novembro e demais disposicións concordantes de aplicación, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda: 1º.- Informar favorablemente a concesión da licenza instada por don Argimiro Levoso Touceda, en calidade de Xerente da Cooperativa Vitivinícola do Ribeiro, solicitando licenza municipal para ampliación da Cooperativa Pazo Ribeiro e modificacións puntuais e fachada actual nun inmoible sito en Val de Pereira, deste termo municipal, xa que no expediente observáronse tódalas prescricións que establece o devandito Regulamento e disposicións complementarias.- 2º.- Dar traslado do expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, aos efectos previstos no artigo 33 do referido Regulamento en relación coa cualificación da actividade.”

CONDICIÓN S URBANÍSTICAS

Vista a solicitude de don **Antonio Garcia Aliende Rodríguez**, con domicilio na rúa Mérelles Caula nº 8, na que interesa informe urbanístico aplicable a finca sita na rúa Rodríguez de la Fuente s/n, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal de data 21.04.06, que literalmente di:

1. “Non se precisa de que “finca” se trata. Sinalando sobre unha fotocopia da Cartografía Oficial das NNSSM, a Escala 1: 2.000. unha zona que corresponde a dúas clases de solo. (Ámbito de planeamento, Art. 100-2 LOUGA)
 - a. A zona de trama de cadros, corresponde a Solo Urbano, regulado por a Ordenanza 4.1, R.C. Residencia Cerrada e a zona sen trama a SNU, Solo Rústico, sendo de aplicación o réxime establecido na Sección IV SOLO RÚSTICO da LOUGA, Art. 31, seguintes complementarios.

- b. Categorías

Según o Art. 32.1, Solo Rústico de Protección Ordinaria.

2. A ordenación urbanística do Concello de Ribadavia, corresponden ás NNSSM publicadas nos BOP 239 de 16 de outubro de 1986 nº 66 do 23 de marzo de 1987, NCSPP, que no carácter de aplicación corresponda e publicadas no DOGA do 19 de xuño de 1991.

Este ordenamento supeditase á “Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia”. DOGA nº 252 do 31 de decembro de 2002, modificada por a Lei 15/2004 de 29 de decembro, así como disposicións concorrentes.

3. Axúntase co presente informe:

- a. Cartografía Oficial de las NNSSM.
- b. Ordenanza 4.1, R.C. “

Vista a solicitude de don **Antonio Garcia Vázquez**, con domicilio en Ventosela nº 5 , na que interesa informe urbanístico aplicable a finca sita en Val de Pereira (Ref.. Catastral núm.. 27.42.8-01 e 04), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal de data 21.04.06, que literalmente di:

“O ordenamento urbanístico do Concello de Ribadavia corresponde ás NNSSM publicadas no BOP nº 66 do 23 de marzo de 1987, e no carácter de aplicación que lle corresponde ás NCSPP publicadas no DOGA do 19 de xuño de 1991, ESTUDIO de DETALLE de SAMPAIO TRAVESIA, aprobado en Pleno de 29 de febreiro de 1996 e publicado no BOP de 19 de novembro de 1996.

Este ordenamento supeditase á “Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do medio Rural de Galicia”. DOGA nº 252 de 31 de decembro de 2002, modificada por a Lei 15/2004 de 29 de decembro, así como disposicións concorrentes.

1 Establecerase a ordenación aplicable á zona según se establece nas “**alineacións, rasantes e ordenación**”, que constan no Plano nº 4.2 do E.D., a escala 1: 500.

- 1.1 O segmento da alineación de 31,50 metros, establece o límite de Solo Urbano edificable, regulado por a Ordenanza UMA-III, así como o límite do solo non edificable.

2 Axúntase co presente informe:

2.1 Plano Catastral.

2.2 Plano Cartografía Oficial E.D. E 1: 500 (P.4.2 – Nº 7).

2.3 Ordenanza 14.1 USOS MIXTOS GRADO A.”

Vista a solicitude de don **Javier Martinez Galan**, con domicilio na rúa Garcia Barbón nº 107, 7º esquerda , na que interesa informe urbanístico aplicable a finca sito no Camiño Vello de Cenlle, Santo Andre (Ref.. Catastral, Polígono 25, Parcela 48), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal de data 21.04.06, que literalmente di:

“O ordenamento urbanístico do Concello de Ribadavia, corresponde ás NNSSM publicadas no BOP nº 66 do 23 de marzo de 1987, e o carácter de aplicación que lle corresponde as NCSPP publicadas no DOGA do 19 de xuño de 1991, Ribadavia, está situado no espacio natural Ribeiras do Miño, espacio nº 15 área 2.

Este ordenamento supeditase á “Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia”. DOGA nº 252 de 31 de decembro de 2002, modificada pola Lei 15/2004 de 29 de decembro, así como a C.I. 2/2003, de 31 de xullo, sobre o réxime de autorizacións en solo rústico, DOGA nº 150 do 5 de agosto de 2003, e disposicións concorrentes.

1. Según a Cartografía das NNSSM, Plano Xeneral de CLASES DE SOLO, a escala 1: 10.000 e o correspondente que delimita o NÚCLEO RURAL DE SAN ANDRES 6/1 a escala 1: 5.000, a parcela 48, corresponde a SOLO RUSTICO (SNU).
2. O réxime urbanístico aplicable, é o que se establece na Sección IV SOLO RUSTICO, Art. 31 e seguintes da LOUGA.
 - a. Solo Rústico, na Categoría que sinala o Art. 32, Categorías (LOUGA) SOLO RUSTICO DE PROTECCION ORDINARIA.
3. Axuntase co presente informe:
 - a. Cartografía Catastral, Escala 1: 2.000.
 - b. Cartografía Oficial N.R., Escala 1: 5.000.”

Vista a solicitude de dona **Catalina Alonso Pérez**, con domicilio na rúa Ribeiro, desta Vila , na que interesa informe urbanístico aplicable a un inmovible sito na rúa Carballiño nº 35 (Ref.. Catastral, 09.31.3-25), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal de data 21.04.06, que literalmente di:

“A ordenación urbanística do Concello de Ribadavia, corresponden ás NNSSM publicadas nos BOP 239 de 16 de outubro de 1986 nº 66 do 23 de marzo de 1987, NCSPP, que no carácter de aplicación corresponda e publicadas no DOGA do 19 de xuño de 1991. Este ordenamento supeditase á “Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia”. DOGA nº 252 do 31 de decembro de 2002, modificada por a Lei 15/2004 de 29 de decembro, así como disposicións concorrentes

1. Fago constar que no Plano Catastral, concretamente no Polígono 09.31.3, non figura a parcela 25, lo que é un error.
 - a. As parcelas pertencentes ao Polígono 09.31.3 e según o plano de ORGANIZACIÓN ESPACIAL, RED VIARIA, ALINEACIONES Y RASANTES, a Escala 1: 2.000 das NNSSM.

b. Corresponden á trama de círculos e según a LENDA, é Solo Urbano, R.M. RESIDENCIAL MIXTA. (NNSSM)

c. Ordenanza R.M, Residencial Mixta 4.3.

As Ordenanzas xustapostas, son as residenciais, la 4.1 Residencial Cerrada e 4.2 Residencial aberta.

2. Axúntase co presente informe:

a. Plano Catastral.

b. Plano NNSSM.

c. Ordenanzas 4.1, 4.2 e 4.3.”

ACOMETIDAS DE AUGA.-

“Visto o escrito presentado por **Don Santiago Rodríguez Martínez**, con domicilio na rúa Carballiño nº 31, 1º, desta Vila, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.”

“Visto o escrito presentado por **Dona Rosa Estevez Soto**, con domicilio na rúa Mérelles Caula nº 14, desta Vila, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.”

“Visto o escrito presentado por **Dona Dolores Rodríguez Vázquez**, con domicilio na estrada de San Paio nº 51, desta Vila, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.”

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, toma coñecemento dos seguintes:

“De Aqualia, informado sobre necesidades detectadas pola concesionaria para mellora-la rede de abastecemento de auga do Concello de Ribadavia”.

“De Aqualia, adxuntando presuposto para a realización de arqueta en San Cristovo”.

“Da Delegación Provincial de Sanidade, denuncia por verquido de augas fecais nun cauce de augas para rego de fincas na rúa Ribeiro nº 50, desta Vila”.

“Convenio de Colaboración entre Caixanova e o Concello de Ribadavia para a XXII Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia”.

“Da Delegación Provincial de Traballo, Resolución de data 19 de abril pasado concedendo subvención para Curso de Formación Ocupacional (Albanel.- 1.020 horas), por importe de 96.625 euros.”

“Da Delegación Provincial de Traballo, Resolución de data 19 de abril pasado concedendo subvención para Curso de Formación Ocupacional (Carpinteiro.- 780 horas), por importe de 71.487 euros.”

“Da Confederación Hidrográfica do Norte, Resolución de data 12 de abril pasado relativo a expediente sancionador”.

“Protocolo de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Federación Galega de Municipios e Provincias para a xestión integral dos servizos sociais a traves do establecemento de fórmulas de colaboración estable”.

“Convenio de Colaboración a suscribir cos Concellos de Galicia para a constitución dun Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar”.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

EXPEDIENTE RELATIVO A CONTRATACION EN REXIME DE CONCESION ADMINISTRATIVA DOS SERVIZOS DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SOLIDOS URBANOS E RECOLLIDA SELECTIVA MONOMATERIAL DE PAPEL CARTON DO CONCELLO DE RIBADAVIA.-

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta os informes e documentación obrante no expediente, por unanimidade dos asistentes, adopta os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar o anteproxecto de explotación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e recollida selectiva monomaterial de papel-carton co tenor que consta no expediente.

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de cláusulas Administrativas Particulares que haberán de rexer para a contratación en réxime de concesión administrativa dos servizos de recollida de Residuos Sólidos Urbanos e Recollida selectiva monomaterial de papel cartón, o cál achase no expediente, e que ten as seguintes características:

CADRO DE CARACTERISTICAS DE CONTRATO:

1.- Obxecto: Concesión administrativa dos servizos de recollida de residuos sólidos urbanos e recollida selectiva monomaterial de papel-carton.

2.- Prezo da licitación: 87.492 euros/ano IVE incluído.

3.-Financiación: Aportacións do Concello

4.-Lugar de presentación de ofertas: Concello de Ribadavia.

5.-Prazo de presentación de proposicións: quince días naturais a contar do día seguinte ó de publicación do anuncio no BOP, en horas de nove a catorce horas.

6.-Garantía provisional: 1.750 euros.

7.-Garantía definitiva: 3.500 euros.

8.- Gastos do concurso: cláusula 21ª do Prego.

9.- Duración do contrato: 1 ano suceptible de prórras ata un máximo de 4 anos..

10.-Revisión de prezos: cláusula 4ª do Prego.

11.-Criterios de adxudicación do concurso: Cláusula 11ª do Prego.

12.- Apertura de plicas: As 12 horas do primeiro día seguinte hábil (agás os sabados) a aquel no que termine o prazo de presentación de ofertas.

Outros datos:

Información teléfono: Concello de Ribadavia, Praza Maior nº 4. Tfno. 988477100. Fax 988477101.

Lugar onde se poden obter copias do prego: Concello de Ribadavia.

NOMEAMENTO DE MEMBROS DO CONSELLO MUNICIPAL DA CULTURA.-

Visto o artigo 6 do Regulamento de organización e funcionamento do Consello Municipal da Cultura, aprobado polo pleno na sesión celebrada o pasado 29 de decembro de 2005 (publicado no B.O.P. de 3 de marzo de 2006), no que establece que o nomeamento dos membros de pleno dereito do Consello Municipal de Cultura corresponderá a Xunta de Goberno Local, a proposta da Comisión Informativa de Cultura.

Tendo en conta que a proposta realizada pola Comisión informativa de Cultura de data 20 de abril pasado, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos presentes, acorda nomear membros de pleno dereito da Comisión Municipal de Cultura os seguintes:

Polos grupos municipais: P.P.: Don Celso Sotelo Barroso.

P.S.O.E.: Don José Ignacio Gómez Pérez.

B.N.G.: Don Francisco Xabier Carreira Sebío.

Polas asociacións e outros colectivos as seguintes: Asociación Valparaíso, Asociación de Mulleres Rurais, Asociación Amigos do Museo, Asociación A Quinzana, Asociación Alerta, Asociación Activa T, Asociación Cultural Parroquial, Asociación Escalambreiro, Asociación Coordinadora Festa da Istoría, Asociación UNESCO, Asociación Centro de

Estudios Medievais, Asociación Cultural Fraicellus, Asociación cultural Nos, Asociación Luceiro, Asociación Arrincadeira, Asociación Coto do Frade, Cruz Vermella, Teatro do Vilar, Museo Etnolóxico e Oficina Municipal de Información Xuvenil.”

ACORDO DE APROBACION DE INVENTARIO DE BENS INMOBLES DE CARACTERISITICAS ESPECIAIS.-

I.- Visto o artigo 61.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e, que establece:

"1.- Constitúe o feito imponible do imposto de titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens inmoables rústicos e urbanos e sobre os inmoables de características especiais:

- a. Dunha concesión administrativa sobre os propios inmoables ou sobre os servizos públicos a que estiveran afectos.
- b. Dun dereito real de superficie.
- c. Dun dereito real de usufruto.
- d. Do dereito de propiedade.

II.- Visto o artigo 8 do Real Decreto Lexislativo 1/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario e que establece:

"1.- Os bens inmoables de características especiais constitúen un conxunto complexo de uso especializado, integrado por solo, edificios, instalacións e obras de urbanización e mellora que, polo seu carácter unitario e por estar ligado de forma definitiva para o seu funcionamento, configúrase a efectos catastrais como un único ben inmoable.

2.- Considéranse bens inmoables de características especiais os comprendidos, conforme ao apartado anterior, nos seguintes grupos:

- a. Os destinados á produción de enerxía eléctrica e gas e ao refinamento de petróleo, e ás centrais nucleares.
- b. As presas, encoros de auga e encoros, incluído o seu leito ou vaso, excepto as destinadas exclusivamente ao risco.
- c. As autopistas, estradas e túneles de peaxe.
- c. Os aeroportos e portos comerciais.

III.- Visto o artigo 15.2 do Texto refundido da Lei do Catastro aprobado por Real Decreto Lexislativo 1/2004 do 5 de marzo, que establece:

"2.- Os bens inmoables de características especiais que, á entrada en vigor da Lei 48/1002, do 23 de decembro do Catastro Inmobiliario, constaran no catastro inmobiliario conforme a súa anterior natureza, manterá ata a entrada en vigor dos novos valores resultados das ponencias especiais que se aprobarán antes do 1 de outubro de 2007, o seu valor catastral, sen prexuízo da súa actualización, cando proceda, así como o réxime de valoración.

A incorporación ao catastro inmobiliario, dos restantes inmobles que, conforme a esta Lei, teñan a condición de inmobles de características especiais practícarase antes do 31 de decembro do 2005".

IV.- Visto o PROTOCOLO DE COLABORACION SUBSCRITO ENTRE A DIRECCION XERAL DO CATASTRO E A FEDERACION DE ASOCIACIONES E MUNICIPIOS CON CENTRAIS HIDROELECTRICAS E ENCOROS, da que este municipio forma parte como membro asociado.

V.- Vista a cláusula Segunda do citado Convenio no que se establece que para mellor e máis eficaz cumprimento da lexislación de Facendas Locais e do Catastro Inmobiliario relativo á tributación dos Bens de Características Especiais no IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES, a Federación facilitará á Dirección Xeral un inventario das instalacións e bens de tales características existentes nos municipios asociados á mesma co maior detalle posible, recabando a súa vez os mesmos dos propios Concellos.

VI.- Visto o Proxecto de Implementación e Inventarización dos Bens Inmobles de características Especiais do término municipal de Ribadavia (Complexos de Castuelo de Miño e Frieira) elaborado polos Enxeñeiros Técnicos da Excma. Deputación de Ourense e atendido o asesoramento aos mesmos da Asesoría Xurídica da Federación Nacional de Asociacións e municipios con centrais hidroeléctricas e encoros.

Conforme ao artigo 9 da lei 30/1992 do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, en relación aos artigos 57 e 22.j) da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local segundo a Redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro de medidas para a modernización do goberno local, a Xunta de Goberno Local, acorda por unanimidade o seguinte:.

I.- APROBAR O INVENTARIO DOS BENS INMOBLES DE CARACTERISTICAS ESPECIAIS UBICADOS NO TERMINO MUNICIPAL DE RIBADAVIA(COMPLEXOS DE CASTRELO DE MIÑO E FRIEIRA)ELABORADO POLOS ENXEÑEIROS TECNICOS DA EXCMA. DEPUTACION DE OURENSE POR AXUSTARSE OS DEVANDITOS BENS INMOBLES A REALIDADE FISICA DOS RELACIONADOS NO MESMO.

II.- Que así mesmo se aproba o contido da relación obrante na documentación que constitúe o proxecto de implementación-inventario, dos bens inmobles existentes susceptibles de ser considerados BICES que non se atopaban valorados nin incorporados no padrón do IBI-BICES actual, solicitándose da DIRECCION XERAL DO CATASTRO a inclusión, valoración e notificación ao suxeito pasivo e incorporación ao padrón do IBI dos Bens inmobles que figuran no Anexo I do Proxecto do Inventario que se achega.”

SOLICITUDE DE SUBVENCIONS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aproba-las memorias denominadas "Grupo Municipal de Intervención Rápida", "Grupo Municipal de Infraestructuras viarias rurais" , "Grupo Municipal de iniciativas culturais", “Grupo

Municipal de Acondicionamento e adecentamentos de espazos públicos”, “Grupo Municipal de mantemento e reposición de mobiliario urban, xardíns e areas recreativas”, “Grupo municipal de mantemento, conservación e labores de auxilio na piscina municipal”, “ Grupo Municipal de Apoio as actividades da escola deportiva municipal”, “Grupo municipal de Apoio as actividades do servizo de Urbanismo do Concello”, “Grupo Municipal de apoio os servizos de información e promoción turística”, “Grupo Municipal de Apoio os servizos administrativos do Concello”, “Grupo Municipal de apoio os servizos sociais do Concello” e “Grupo Municipal apoio o departamento de promoción económico”, ó obxecto de solicita-la correspondente subvención o abeiro da Orde do 23 de marzo de 2006, da Consellería de Traballo, pola que se establecen as bases que regulan para o ano 2006, as axudas e subvencións para o fomento de emprego a través dos Programas de Cooperación, no ámbito de colaboración coas entidades locais e cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aproba-lo proxecto para o fomento do desenvolvemento local (Realización de estudos de mercado e campañas para o desenvolvemento local), ó obxecto de solicita-la correspondente subvención o abeiro da Orde do 23 de marzo de 2006, da Consellería de Traballo, pola que se establecen as bases que regulan para o ano 2006, as axudas e subvencións para o fomento de emprego a través dos Programas de Cooperación, no ámbito de colaboración coas entidades locais e cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro.

PLAN DE VIVENDA 2005-2008.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación a proposta da Oficina de Rehabilitación do Casco histórico de Ribadavia relativa o Plan de vivenda 2005-2008, Fase Sexta, Rehabilitación (número de actuacións 20) e Urbanización.

CONCESION DE SUBVENCIONS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder unha subvención de 150 euros a Comisión de Festas de Esposende pola organización da Festa da Virxe das Areas.A concesión de subvención rexirase pola Ordenanza Reguladora de Concesión de Subvención aprobada polo Pleno desta Corporación con data 30 de setembro de 2004, aplicándose supletoriamente a Lei 38/2003, Xeral de subvencións.Para o pago das subvencións ou axudas económicas que se poidan conceder polos órganos competentes, con cargo o orzamento, será indispensable xustificar no prazo de TRES MESES a súa aplicación ós fins para os que se houberan concedido, mediante a presentación dos documentos que, suficientemente, así o acrediten, tal como establece a Ordenanza Reguladora de Concesión de Subvencións.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder unha subvención os centros escolares I.E.S. "O Ribeiro", C.P.I. “Tomas de Lemos” e “I.E.S. O Ribeiro”, en concepto de axuda para participar na actividade denominada "Correlingua 2006", por importe

de 150 euros. A concesión de subvención rexirase pola Ordenanza Reguladora de Concesión de Subvención aprobada polo Pleno desta Corporación con data 30 de setembro de 2004, aplicándose supletoriamente a Lei 38/2003, Xeral de subvencións. Para o pago das subvencións ou axudas económicas que se poidan conceder polos órganos competentes, con cargo o orzamento, será indispensable xustificar no prazo de TRES MESES a súa aplicación ós fins para os que se houberan concedido, mediante a presentación dos documentos que, suficientemente, así o acrediten, tal como establece a Ordenanza Reguladora de Concesión de Subvencións.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e media do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.